

---

# *O bosque animado*, tapiz literario e cinematográfico da fraga de Cecebre

HÉCTOR PAZ OTERO

DOCTOR EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. FWF

“Pero Galicia consume la tercera parte de la producción total de color verde. Sus notas de pedidos son incesantes. Es el mejor cliente que la Naturaleza tiene en ese mercado. En verano como en invierno, en la primavera como en el otoño, solicita apremiantemente cargamentos y cargamentos de color: verde oscuro, verde claro, verde gris...”

(Fernández Flórez, 1966: 11)

É xa un tópico moi manido sinalar que un escritor fala por medio dos seus textos. Afirmación certa, só en parte, xa que obvia o proceso emancipador que experimentan non poucas obras, ata o punto de que alzan a voz para revelar aos lectores algún aspecto que, en principio, non se atopaban entre as pretensións do escritor. É dicir, máis que falar a través dos seus escritos, son estes os que falan dos autores. E ás veces falan de máis. Existen textos case inaudibles, reservados, que, polas circunstancias que sexa, pasan desapercibidos e os seus relatos non chegan a ser máis que un leve murmurio. Pola súa contra, outros escritos divulgan a viva voz ata os trazos máis recónditos do autor; aqueles que desvelan as inquedanzas, os anhelos, os lamentos, as turbacións e as esperanzas que se dispoñen en forma de relatos. No caso de Wenceslao Fernández Flórez, *O bosque animado* (1943) é un deses escritos. Non só porque, co paso dos anos, a fábula da fraga de Cecebre acabara por converterse no seu texto máis popular e coñecido, senón tamén porque, nas dezaseis estancias e no último capítulo que conforman a novela, se condensa boa parte do ideario, contraditorio e proteico, que forxou a obra literaria do autor coruñés.

A pesares de non tratarse da súa derradeira novela, *O bosque animado* erixiuse –polo seu coadadísimo estilo, estrutura, temática e contexto– na

obra-epílogo que semella clausurar a traxectoria literaria de Wenceslao Fernández Flórez. Dalgún modo, nesta obra converxen os estilemas semánticos e formais desenvolvidos nas súas obras precedentes, despregadas maioritariamente na década dos anos vinte da pasada centuria. Os personaxes, humanos e animais, que conviven na fraga de Cecebre poñen voz, corpo e pensamento aos desexos da “xente de a pé”, humilde e anónima, por máis que estes habiten nun universo narrativo a medio camiño entre o denso tecido mítico galego e a crúa realidade da Galicia rural.

No número 4 de *Volvereta: revista de Literatura, Xornalismo e Historia do Cinema* preténdese proxectar, en primeiro lugar, unha mirada externa ao “universo Cecebre” a partires do análise de expertos que focalizan a súa atención na novela e nas diversas transposicións cinematográficas –a curtametraxe de Antonio F. Simón (*Fendetestas*, 1975), a adaptación de José Luis Cuerda (1987) e o filme de animación de Ángel de la Cruz e Manuel Gómez (2001), todas elas incluídas no volume en formato DVD–, que deixan clara, por certo, a versatilidade dun texto literario capaz de suscitar ao largo do tempo miradas tan diverxentes como enriquecedoras.

Ademais, e, en segundo lugar, este número conta coa valiosa achega dunha mirada interna, a que proporcionan os propios autores das adaptacións. O texto de José Luis Cuerda sobre a rodaxe do seu filme, a publicación *facsimile* do guión orixinal firmado por Rafael Azcona, máis os escritos de Ángel de la Cruz e Manuel Gómez –responsables da longametraxe de animación–, supoñen o complemento perfecto a unha visión máis académica. Por se fora pouco, a publicación ábrese coa firma de Víctor Freixanes, presidente da Real Academia Galega, unha participación inestimable que sitúa a obra de Fernández Flórez nun emprazamento crucial dentro do panorama cultural galego.

Xa nos advertiu no seu día Fernández Flórez que para estar ao tanto de moitas historias da fraga de Cecebre “no hay más que mirar y escuchar, con aquella ternura y aquella emoción y aquel afán y aquel miedo de saber que hay en el espíritu de los niños” (Flórez, 2007: 42). Mirar e escoitar, vista e oído. A beleza das súas descrições úrdese a partires de ambos sentidos, como unha ratificación do carácter audiovisual da obra, de aí as numerosas alusións ao son e á cor, para que o lector, como os paseantes da fraga, poidamos “escuchar no sabemos qué, cuando cruzamos entre su luz verdosa” (Fernández Flórez, 2007: 39).